

FIN DE CURSO

1993 - 1994

# FADEIRO

## DIA DAS LETRAS GALEGAS



Luis Seoane visto por Manuel Colmeiro.

LUÍS SEOANE LÓPEZ

MUSEO DE APEIROS

SAÍDAS CULTURAIS

A CONFIRMACIÓN

EXCURSIÓN: OTTAVO

ACTIVIDADES DEPORTIVAS  
A LONXA DE BUEU

O MEDIO AMBIENTE

NECESIDADES DO POBO

**Colexio Público de BELUSQ**

FUNDACIÓN "NOVAS"



## EDITORIAL

Como tódolos anos os alumnos de oitavo téñense que marchar do Colexio -todos aqueles que aproben todo ou cumpran estiano os dezaseis- onde aprenderon a ser persoas civilizadas con un pouco de cultura.

Este curso foi duro, tanto nos estudos coma no traballo realizado para levar a cabo a nosa fermosa excursión.

Pero nós traballamos ledos, porque a fin de contas imos ter bos resultados: non nos importaron as malas linguas, nin as marmuracións, xa que contaban cousas que nunca foron reais; porque todos formabamos unha familia, apoiándonos sempre uns ós outros.

Poiémonos un pouco tristes porque nos temos que despedir do Colexio, dos Profesores e sobre todo dos nosos compañeiros. Por iso o día 13 comenzaremos unha excursión de dez días inolvidable e irrepetible: Será sempre un grato recordo de todos vós.

A agora os agradecementos:

Dámoslle-las gracias ós Profesores que durante tantos anos nos aconsellaron sobre o mellor para nós e para o noso futuro.

Dámolle-las gracias a todas aquelas persoas que sin a súa axuda non sería posible non nos sería posible levar a cabo a EXCURSIÓN.


E sobre todo dámoslle moitas gracias a D. Ignacio, D. Paco e Dona M<sup>a</sup> Lina que tantas veces estiveron connosco ata altas horas da noite sen agardar ningún beneficio, e sendo fortes diante de tódalas malas linguas.

•Despidense con cariño os maiores do, "COLE"

María, Susana e Bibi 8<sup>o</sup> B




# TERRIBLES Y GRANDES REPTILES DOMINABAN LA TIERRA...



EN UN TIEMPO LEJANO CUANDO UNO TERRIBLES Y GRANDES REPTILES DOMINABAN LA TIERRA...


TODOS ERAN DISTINTOS PERO TODOS ESTARÁN IDENTIFICADOS

MÁS TARDE, UN TAL SPIELBERT SE LE OCURRE HACER UNA PELÍCULA.




MI CASA...

CON LA PELÍCULA OBJETOS DE TODA CLASE: CON FORMAS DE DINOSAURIOS. ¡COMPREN SU TIRANOSAURUS REX! NO LO LAMENTARÁN.



EN CONCLUSIÓN ESTOS GIGANTESCOS REPTILES SIEMPRE HAN ESTADO CON NOSOTROS



FIN



17 MAIO  
1994

LETRAS  
GALEGAS



LUIS SEOANE LÓPEZ

LUIS SEOANE LÓPEZ

Luis Seoane foi un artista polifacético: escritor, pintor, gravador e muralista.

Luis Seoane é homenaxeado nesta ocasión polo seu labor literario, especialmente como poeta, aínda que tamén foi narrador, dramaturgo e sobre todo ensaísta. Pero, sen embargo, é moito máis coñecido polas súas obras plásticas (pinturas, gravados e debuxos); tamén pola restauración da actividade de Sargadelos (Lugo) e pola creación do Museo Carlos Maside.

De Luis Seoane destaca o seu universalismo e o seu coruñésimo.

O 17 de maio deste ano na Real Academia Galega, nunha sesión celebrada ás once da mañá foi adicado a Luis Seoane. Neste mesmo día na Coruña xunto a un busto de Seoane na praza a el adicada, depositáronse ramos de frores.

Para todos Seoane significa o esforzo dos emigrantes, galegos

## VIDA DE LUÍS SEOANE

Nace en Buenos Aires no 1910. Fillo de emigrantes galegos, de moi novo ven a Galicia, tendo sempre a dobre nacionalidade hispano-argentina.

Na Coruña fixo os seus primeiros estudos. Logo cos seus pais e dous irmáns pequenos a Santiago, onde fai o Bachelarato e a carreira de Dereito. Empeza a destacar polas súas preocupacións artístico-literar.

Durante os seus estudos desempeña cargos directivos na FUE, significándose polo seu protagonismo entre os compañeiros da facultade. As súas actividades tiveron incidencia na vida cultural de Santiago: fixo carteis de tipo político e estudiantil.


No 1929 presenta a primeira exposición dos seus traballos artísticos en "Amigos del Arte" de Santiago. Ó ano seguinte ofreceulle ó público compostelán unha nova mostra de debuxos e acuarelas no Café Español.

Participa activamente nas labours do Comité de Cooperación Intelectual. Con Carlos Maside, organiza na Facultade de filosofía unha exposición de Arte Galego, onde tamén espón Laxeiro. Colabora con debuxos e textos literarios nas revistas Yunque de Lugo e Universitarios, Alento e Nós, de Compostela.

Funda con Arturo Cuadrado a revista Casual ou a Folla voandeira do pobo Resol. Cofundou e dirixiu o semanario político Claridad e axudou na elaboración do semanario Ser, que dirixía Suárez Picallo.

Acudía a miúdo ó taller tipográfico da Rúa do Villar, onde se compoñían as publicacións de NÓS.

Aparte do su labor noutros terreos, Seoane cultivou dende moi xoven o arte da ilustración en libros e revistas: In 1932 diagramou o primeiro libro de poemas de Cunqueiro, Mar ao Norde. No mesmo ano ilustra o volumen Huellas do poeta Feliciano Rolán. E ó seguinte tres libros máis: Poemas do si e do non e Cantiga nova que se chama Ribeira, de Cunqueiro; e Corazón do vento de Iglesia Alvariño.





En 1930 obtén a Licenciatura en Dereito.

Dous anos máis tarde empeza a exercer na Coruña. Xunto con Boado funda o primeiro Estudio Xurídico Colectivo de Galicia, ó que se incorpora máis tarde Ramón Suárez Picallo; os tres nos anos anteriores á guerra fixeron unha intensa labor profesional.

A fins do 1936, despois de andar na clandestinidade, consegue marchar ó exilio: embarca en Lisboa en dirección a Buenos Aires.

Recén chegado a Buenos Aires, comenza a colaborar no periódico Crítica, e consegue un posto na redacción de El Diario. Máis tarde consegue un contrato como ilustrador da Editorial Losada.

No 1939 prodúcese a súa nova vinculación á cultura galega: é nomeado director da revista Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires.

Estivo ó frente desta revista vinte anos, facendo durante todos eles un gran labor de concenciación galeguista; estableceu unha corresponsalía en Galicia, e preparou números extraordinarios nos que participaban xentes de aquí e de acolá.

Funda con Arturo Cuadrado en Emecé Editores, as coleccións "Hórreo" e "Dorna" nas que se dan a coñecer libros importantes de escritores do noso país.

Funda a Editorial Nova e segue a publicar libros de Galicia.

En 1948 os dous exiliados inauguran unha nova editorial "Botella al Mar", destinada ás actividades dos poetas xóvenes.

Por iniciativa de Seoane fanse en Buenos Aires mostras de: libros, plástica, concertos musicais, teatro, radio, conferencias, revistas.

Organizou a Primeira Exposición do Libro Galego, que estaba patrocinada polo Centro Gallego, e para a que escribiu un Catálogo no que figuraba unha breve historia da bibliografía e da imprenta galegas.

Publicou diversos estudos e ensaios monográficos de arte: o do debuxante José M<sup>º</sup> Cao, do pintor Jenaro Pérez Villamil, de Jules Pasein, etc.

Entre as últimas empresas realizadas por Luis Seoane en terras arxentinas figura a revista "Galicia Emigrante" e a audición de radio deste mesmo título.

En 1956, Luis Seoane cofunda a Asociación Galega de Universitarios, escritores e artistas co anagrama de AGUEA, baixo o cal se organizaron cursos e conferencias para xóvenes galegos, e fillos de gaegos, sobre Xeografía, Historia, Lingua Castelá e Literatura, explicadas en galego.

Posteriormente Seoane fundou a Editorial Citania, para que Galicia fose coñecida no exterior e para que os propios galegos puidesen coñecela.

Sunto con Isaac Díaz Pardo creou o Laboratorio de Formas de Galicia, co propósito, entre outros, da restauración industrial Cerámica de Sargadelos e a Creación do Museo Carlos Maside.

Cerámicas de Sargadelos colaborando con Cerámicas do Castro a idea dos dous artistas, animada por unha recia vontade de realizala, convertiuse nos resultados fecundos que hoxe ofrecen unha e outra institución na vida artística e cultural de Galicia.

Cando o gran sono, deixou de selo, para convertirse nunha cruda realidade, Seoane volveu á terra dos seus pais, na cal morreu o 5 de abril de 1979.

### OBRA DE LUÍS SEOANE

*Santiago Potino Pérez 8ºA*

### POESÍA

Luís Seoane foi un poeta prolífico e de calidade. A súa obra poética está recollida en diversos libros nos que se acreditou como pioneiro da nova poesía social da postguerra: "Fardel do Eisiliado" (1952) é a primeira e nela evócase a aventura da emigración galega nas américas "Na brétema Sant-Iago" (1957), "As Cicatrices" (1959), "A maior abondamento" (1972), e "Cómaros verdes" (1947), son algúns dos seus libros.



### TEATRO

"La Soldadera" (1957) é unha peza escénica que ten como tema principal as guerras irmandiñas. Escrita en galego, foi traducida ó castelán, publicada por Ariadna. El irlandés astrólogo publicouna a editorial bonaerense Editorial Losangue.

### ENSAIO

Anotación sobre da creación artística, é un ensaio no que pon dunha maneira clara e matizada as líneas claras e esenciais do que ben podería ser unha anto-poética.

### NARRACIONES

Tres hojas de ruda y un ajo verde, volumen de supostas lendas antigas e menciñeiras galegas. Publicada en 1948.





# ENQUISA

## NECESIDADES DO POBO DE BELUSO

Nº ENCUESTADOS: 30 personas

Decidimos facer unha enquisa sobre das necesidades e carencias do noso Concello de Bueu, a nivel de servicios públicos e infraestruturas.

1ª.- ¿Como son os servicios sociais, sanitarios, deportivos, de infraestructura urbanística, etc.?

Res.- Un 6'6 % di que son moitos; un 40 % considéraos suficientes e un 55'3 % opina que son poucos.

SUFICIENTES

2ª PREGUNTA: ¿Cales son os servicios de infraestructura urbanística que vostede considera máis necesarios?

Res.- A rede de alcantarillado un 30 %; as aceras un 20 %; un carril para bicicletas un 16'6 %; a construción de polígonos industriais e parques infantís un 13'3 %; arranxo de carreteras e outros servicios, un 10%.

RED DE ACANTARILLADO

3ª.- ¿Que servicios sanitarios serían de urxente realización no noso Concello?

Res.- un 40 % considera de urxencia un centro de prevención do alcoholismo e drogodependencia; un 23'3 % pensa que é indispensable a depuradora de augas residuais. Os demais pediron a construción dun hospital comarcal, a construción de un centro de saúde, e outros servicios.

CENTRO DE PREVENCIÓN DO ALCOOLISMO

4ª PREGUNTA: ¿Que servicios sociais e culturais se precisan no noso concello?

Res.- Creación de auditorios e bibliotecas nos barrios, un 23'3 %; Centros Culturais nas parroquias de Belusó e Cela, un 20 %; Un segundo Instituto, 13'3 %; un conservatorio de música, un 10 %; os demais consideran necesarios outros servicios diversos.

AUDITORIOS E BIBLIOTECAS



5ª PREGUNTA: ¿Que sevicios deportivos precisa o Concello?

Res: Unha piscina cuberta, 36'6 %; organizacións de clubs para fomenta-lo deporte, 20 %; pavillóns deportivos en tódalas parroquias, 27%; dota-los colexios de instalacións deportivas, un 16'6 %.

## PISCINA CUBIERTA

6ª PRGUNTA: ¿Considera vostede que a xente de Beluso está mentalizada destas necesidades?

Res: un 50 % pensa que a xente está sensibilizada por todo isto; un 36'6 % respostou que a maioría son indiferentes; e un 13'3 % opinan que a xente non está sensibilizada.

## A XENTE ESTÁ SENSIBILIZADA

7ª PREGUNTA: ¿Cal sería a maneira máis eficaz para eisixir que as autoridades resposten a estas carencias?

Res: Por manifestacións públicas, un 30 %; por medio das Asociación de Veciños, un 23'3 %; a participación nos partidos políticos, un 13'3 %; con solicitudes escritas e asinadas polos veciños afectados, un 6'6 %; con notas de prensa, un 6'6 %; e doutras maneiras, un 10%.

## MANIFESTACIONES

8ª PREGUNTA: De tódolos servicios que se precisan en Bueu, ¿cales son os dous que vostede considera de máxima urxencia?

Res: A rede de alcantarillado coa súa correspondente depuradora, un 50 %; o arranxo das carreteras, un 30 %; os demais, un 20%, cosideran prioritarias outras necesidades coma: bibliotecas, centros culturais nos barrios, rede de auga corrente, milloras nos colexios, conservación de edificios antigos; un museo para o pobo de Bueu, etc.

## ALCANTARILLADO E DEPURADORA

### VALORACIÓN

A) Máis dun 53% pensa que os servicios do Concello de Bueu son POCOS.

B) Unha porcentaxe moi elevada considera que temos carencias moi importantes: centro de saúde, alcantarillado, depuradora, rede de auga, arranxo das carreteras...etc.

C) A maioría pensa que os habitantes están sensibilizados, pero aínda non o están tódolos que deberan.

D) Gran parte dos encuestados consideran que é necesario que a xente actúe e colabore cos diversos medios de participación: Asociación de veciños, partidos políticos, etc....

# FUNDACIÓN "NOVAS"

## FUNDACIÓN "NOVAS"

A FUNDACIÓN "NOVAS", creada po D. José Novas Regueira, natural de Beluso e residente nos Estados Unidos da América, nace co fin de conceder AXUDAS DOCENTES destiñadas a aqueles alumnos que non dispoñan dos medios económicos precisos para reelizar estudios SUPERIORES, xa sexan profesionais ou universitarios.

Segundo o desexo do seu fundador, a FUNDACIÓN "NOVAS" otorgará estas axudas de forma prioritaria a aqueles alumnos naturais e veciños de BELUSO, que teñan unha situación económica familiar que lles permita acceder a estudios superiores.

Outro elemento valorativo para acceder a estas axudas docentes será o expediente académico, valorándose as calificacións medias máis altas.

Un PATRONATO sera o encargado de dirixir esta FUNDACIÓN, que xa foi calificada pola Xunta de Galicia como "Fundación benéfico-docente de interés galego; e aprobada segundo unha Orde de Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con data do 4 de febreiro de 1994 (publicada no Diario Oficial de Galicia, nº 44 do Venres, 4 de marzo de 1994).

O PATRONATO compóñenno: D. José Novas Regueira, como Presidente de Honra con carácter vitalicio; D. Jesús Portela Medraño, Redactor Xefe de Faro de Vigo, como Presidente; D. Francisco León Álvarez, como Vicepresidente; D. José Otero Baena, como Secretario; e D. Manuel Novas Rey, como Tesoreiro.

Este PATRONATO será o encargado de estudia-las distintas propostas relativas ás candidaturas de alumnos que se realicen dende os Centros Educativos, Instituto e Colexios, para acceder a estas axudas económicas. As cuantías destas axudas determinaranse segundo os casos concretos que examine o PATRONATO da FUNDACIÓN "NOVAS".



Segundo se establece nos Estatutos da FUNDACIÓN "NOVAS", o prazo de presentación das distintas solicitudes estará comprendido entre os meses de xaneiro e xuño, ámbolos dous inclusivos; e o fallo, que será inapelable, farase público nos meses de xullo e agosto.

A axuda ou axudas concederanse polo tempo comprendido entre principios e finais do curso escolar seguinte ó fallo do PATRONATO renovándose cada ano, ata completa-lo tempo de estudio do alumno ó que se lle conceda a axuda económica.

Tamén se establece nos Estatutos da FUNDACIÓN "NOVAS" que o Patronato está facultado para suspende-lo pago da BECA cando, na súa opinión, exista por parte do beneficiario un incumplimento das obrigas contraídas; cando os informes dos responsables académicos fagan aconsellable esta decisión; ou cando non se destiñe o diñeiro ó fin establecido por esta FUNDACIÓN.

FINALMENTE, nos Estatutos da FUNDACIÓN "NOVAS" tamén se recolle a posibilidade de que os CENTROS ESCOLARES, radicados en Beluso poidan acceder a algunha axuda destinada á dotación de material docente ou para a organización de actor culturais e divulgativos.

A FUNDACIÓN "NOVAS" nace para axudar a todos aqueles, en principio, veciños de Beluso, que polos seus medios non poderían chegar a uns estudos superiores, pero que polos seus méritos e pola súa capacidade son merecentes de acadalos.

A FUNDACIÓN "NOVAS" quere ser unha axuda cultural para tódalas xentes de Beluso e de Bueu.

#### BREVE RESEÑA BIOGRÁFICA DE XOSÉ NOVAS REGUEIRA

Xosé Novas Regueira naceu en Beluso, Bueu, aló polos anos 20. Emigrado de xoven e con moitos traballos nos Estados Unidos de América, acadou un grande mérito como PUBLICISTA en Florida (USA)

Xubilado e satisfeito do seu labor ó longo da vida, hoxe vive tanquillamente no Estado norteamericano, pasando tempadas no seu pobo natal

Para que os rapaces de Beluso non teñan que emigrar coma el creou

A FUNDACIÓN "NOVAS"

# O MEDIO AMBIENTE

## O MEDIO AMBIENTE

Un día paseaba eu pola rúa e dirixínome a merca-lo xornal nunha librería de Beluso. Púxenme a le-la portada e poñía:

- "Hoxe montarase unha fábrica no Areeiro de Bon".

- "Faranse casas e asfaltaranse camiños en Udra"

- "Proximamente montarase unha fábrica de conservas no areal da Mourisca"

Entón, pareime a pensar e díxerme:

- "Isto está ben para a Humanidade, pero ¿e o Medio Ambiente? Perderanse unhas cuantas hectáreas de bosque, contaminaranse as áreas e o mar; e como consecuencia final o mar e os peixes morrerán."

Estiven días e días matinando nas consecuencias que isto podería traer para o Medio Ambiente. Ata que un bo día ocurriuseme unha idea: formar un grupo de persoas para loitar pola defensa da Natureza e do Medio Ambiente. E logo poñer anuncios nos periódicos, e mandar comunicacións a tódolos sitios posibles.

E así foi.

Fun á casa do meu amigo Borxa e chamamos tamén a Miguel, Lois, Henrique, Xosé e Rodrigo. Logo xuntámonos na casa do Henrique e falamos sobre do tema.

En esto que empezou falando Lois:

- Xa sei o que poñeremos no xornal. Poñeremos: "un gran deterioro natural pódese producir se deixamos que monten fábricas en casas nas zonas forestais e nas zonas dos areeiros."

- Moi ben - opinou Xosé.

- ¿Que tal se nos poñemos en marcha? - inquiriu Rodrigo.

- Iremos á casa do meu amigo Antonio que é impresor - dixo Miguel.

- Vámonos - dixer eu.

E fómomos moi axiña.

Chegamos á casa de Antonio e dixémoslle:

- Antonio, ¿poderíanos imprimir este artigo?

- Deixádemo mirar. Moi ben. De acordo - respostou. E Dirixiuse á imprenta para poñer mans ó traballo.



Cando rematou o traballo, úixonos:

-¿Que vos parece?

-Xenial -dixo Borxa. Imos ó Xornal e falamos co Xefe:

-¿Podemos poñer este anuncio no periódico?

-A mirar. Isto é unha tontería.

-Non é certo -respostou Xosé. Queremos loitar pola defensa da nosa Natureza e vostede non nolo impedirá. E ademais a xente estará de acordo con este anuncio.)

-¡Cálate! Eicuí mando eu e basta!!!.

-Pero...

-¡Silencio! ¡Fóra deicuí!

Entón fómomos todos a protestar ó Alcalde. Logo xuntamos moita xente e seguimos a protestar. Berrabamos:

- "¡Menos edificios e máis beneficios!". E tamén: "¡Libertade para a Natureza!".

entón saiu ó Sr. Alcalde e ceceu e fixo que o xefe do xornal publicara o manifesto.

A mañá seguinte correuse a vcz por todo o pobo e nós xuntámonos outra vez.

-¿Que vos parece, rapaces? -Dixo Rodrigo...A mirar se a xente se pon de acordo connosco.

Puxémonos en marcha. Lois foi ó Supermercado.

-¿lliche-la nova no xornal?

-Eu coido que está moi ben -dicíase a xente.

Logo Miguel foi a unha librería.

-Eu estou de acordo con estes rapaces. Tiveron unha bboa idea -dicíanse.


Despois de todo isto, xuntémonos na casa do Henrique e puxémonos de acordo en algo: facer unha manifestación.

E así foi: A semana seguinte houbo unha aglomeración de xente nunha manifestación impresionante diante da oficina do MOPT.

Foi un auténtico éxito, xa que con toda a xente que nos apoiaba, o Sr. Alcalde cedeu e viéronse abaixo os plans ás construcións.

uso volveu se-lo que era.

Conzález Villanueva 3º B



# A LONXA DE BUEU

## ENTREVISTA: CO XEFE DA LONXA.

Entrevistamos a D. José Ángel Paredes Rodríguez, Xefe da LONXA DE BUEU.

Preguntámoslle de todo sobre da lonxa: como funciona, que se vende nela, etc.

Pregunta: Sr. Paredes, ¿de canta flota se compón hoxendía o porto de Bueu?

Resposta: Aproximadamente duns CEN BARCOS de baixura que se adican a distintas faenas de pesca como poden ser: ardora, enmalle, nasas, polbo, faneca, endeño remolcado, etc...



Pre: ¿Cantos destes barcos subastan pola mañá e cantos polo serán?

Res: Pola mañá somentes subastan os barcos de: cerco ou ardora, e polo serán os barcos que se adican ó percebe, os do polbo, os da faneca, os do enmalle, etc...

Pre: ¿Que especies de pescado ou de marisco son as que se subastan na lonxa de Bueu?

Res: Subástase de todo: pescado azul e branco. Pescado azul é a sardiña, os chinchos, as cabalas, os bocartes, os xurelos, e tódalas demais que se pescan coa arte do cerco. Pescado branco son as fanecas, as pescadillas, as cariocas, os corbelos, os abadexos, etc...

Os mariscos son a ameixa, a vieira, a navalla, o percebe, a centola, o boi, a nécora, etc...





Pregunta: ¿Que especie é a que máis abunda nas nosas costas, nas nosas Rías?

Resposta: Aquela á que se adica a maior parte da flota de Bueu é a nasa do polbo. Subástanse diariamente de dous a tres mil quilos na nosa lonxa.

Pre: ¿Cantos son os que compoñen o persoal da lonxa?

Res: O persoal da lonxa está composto de dous vendedores e do Xefe da Lonxa. Na Confreiría, están o Patrón Maior, un Secretario, e tres auxiliares administrativos.

Pre: ¿Coida vostede que é suficiente o persoal existente tanto na lonxa coma na confrería?

Res: O persoal que atende tanto á lonxa coma á confrería é suficiente para o seu bo funcionamento.

Pre: ¿Quen supervisa e controla o funcionamento do normal desenvolvemento da lonxa?

Res: O Patrón Maior da Confreiría e o Cabildo, composto por DOCE vocais elexidos polos mariñeiros asociados á confrería mediante votación directa.

¡Moitísimas gracias, Sr. José Ángel Paredes!

#### COMENTARIO PERSOAL

O noso entender, a Lonxa de Bueu funciona ben. Pero pode funcionar millor. Para que unha lonxa funcione ben, ben, tódolos barcos de Bueu deben vender nela.

Laura Paredes Álvarez 6º C



# A confirmación

## A CONFIRMACIÓN

Neste Sacramento podemos considerar:

Recebimos ó Espírito Santo, coa imposición de mans por parte do Sr. Obispo e pasamos a ser membros da Igrexa de pleno dereito, cristiáns adultos e testigos da Fe Católica, que recibimos no Sacramento do Bautismo.



Iso é importante para min e coido que para todo o mundo, que cree en Deus e que quere formar aínda máis parte da Igrexa Católica.



Tamén os Apóstolos recibiron o Espírito Santo o día de Pentecostés en forma de lapa de lume.

Bueno, o noso Pentecostés ten chegado: estoume a preparar para recibir o Espírito de Deus que baixará sobre min. a partir de deste momento terei que dar testemuña da miña Fe; dar Fe do que creo e de quen son, nas máis diversas circunstancias da vida.

Pero eu pregunto:

¿Que é o Espírito Santo e como vai actuar en min?

Ó Espírito Santo o mundo non o coñece, nin o percibe; pola contra El actuará en nós, axudándonos a face-las cousas sen medo, sen temor.



E. San



O Espírito Santo é coma unha luz que non se ve, pero que é a realidade que fai posible a nosa visión, xa que eu creo que sen el estaríamos totalmente a escuras.



O Espírito Santo está nos momentos máis importantes da vida de Xesucristo e eu creo tamén que estará nos momentos máis importantes da miña e da de tódolos que o recibimos na Confirmación.

Para min a Confirmación é o momento de incorporarnos a esa longa historia do Espírito e recibir a súa forza para que sexamos máis testigos de Cristo en tódalas partes do mundo.

Na confirmación nós comprometémonos, por decilo así, a seguir na Igrexa, a defendela e a axudala.








A min non me agrada que un creínte confirmado non faga nada nin diga nada que acredite a súa Fe ós demais, xa que o que confirme a súa Fe e reciba o Espírito Santo terá que falar e converterse en testemuña da Fe de Cristo.

Para min o Sacramento da Confirmación é unha oportunidade para incorporarme a esa longa historia do Espírito; dar este paso, convertírame nunha testemuña da Fe. É tamén o Acto Sacramental polo que Deus intervén na vida dos bautizados.




¿E cales son os xestos que constitúen este Sacramento?

Xestos e Signos:

Imposición de mans

Unción do Crisma

Marca da Cruz.



¿E cales son as notas que un home confirmado obterá despois da Confirmación?

-Un home adulto, xa que pola Confirmación se entra de pleno dereito na Comunidade Cristiá.

-Un home unxido: o confirmado non só confesa que cre en Xesucristo, senón que tamén está disposto a face-lo que el fixo.

-Un home enviado.

¿E que se fai durante a celebración da Confirmación?

-Celébrase unha Misa presidida polo Obispo que vén a propósito para iso. Canta o Coro e todos nós. Despois todos nós, un por un, acompañados dos nosos padriños iremos subindo ó Altar.


O Sr. Bispo fainos algunhas preguntas que temos de responder e logo de responderlle todo e ben, impoñeranos as mans, a Unción do Crisma e a marca da Cruz.

Rematado todo isto lévanselle as ofretas e algúns irán ler as lecturas correspondentes ó día e ó acto.

Despois da Misa, e xa todos confirmados, teremos unha merendola como é habitual.

Bueno, pois é todo o que é a Confirmación, a súa celebración e as cousas ás que te comprometes por este Sacramento da CONFIRMACIÓN

Susana García Ferradás 3º B



SAÍDAS MERAMENTE CULTURAIS (5ª e 8ª)

Quinto, 17 de Decembro de 1993 (pagada polo Colexio)

-Beluso - Pontevedra - Santiago: visitas a R.T.V.G., Museo do Pobo Galego, e Catedral.

Santiago - A Coruña: visitas cidade, Torre de Hércules, Convento das Clarisas, e PLANETARIO, con proxeccións sobre do tema das estrelas e do "Camiño de Santiago" ou Vía Láctea.

A Coruña - Santiago - Beluso.

OITAVO, 9 de novembro de 1993 (pagada polo Colexio)

Beluso - Padrón: visitas Parque e Casa-Museo de Rosalía de Castro.

Padrón - Santiago: visitas Museo do Pobo Galego e Catedral.

Santiago - A Coruña: visitas cidade e Casa das Ciencias, con proxección do tema do Universo estelar.

A Coruña - Santiago - Beluso.

OITAVO, 9 de febreiro de 1994 ( pagada en parte por Coca-cola)

Beluso - Pontevedra: visita cidade e museo. Traballo sobre Alfonso R. Castelao e a súa obra.

Visita Depuradora de augas para a Ría de Pontevedra e comida.

Visita almacén de Coca-cola.

Pontevedra - Marín: parque e merenda.

Marín - Beluso.

OITAVO, 26 de abril 1994

Beluso - Vigo.


Visita complexo industrial CITRÖEN.

Visita Redacción e Imprenta FARO DE VIGO

Visita Museo Quiñones de León

Visita Complexo turístico de Samil.

Vigo - Beluso.



ESCOLARES DE BELUSO VISITAN FARO DE VIGO

OITAVO, 16 de maio de 1994

Marcha a pé a Santiago de Hermelo.

OITAVO; 9 de Xuño de 1994 (pagada polo Axuntamento de Bueu)

Devolución XORNADA DE CONVIVENCIA co Colexio de A Peroxa (Orense)

Día de convivencia cos alumnos de A Peroxa, con diversas visitas.

OITAVO ( 40 alumnos) EXCURSIÓN FIN DA E.X.B.

Saída o luns, 13 de Xuño de 1994 con destino PALMA DE MALLORCA.



## EXCURSIÓN - CULTURAL FIN DE CURSO

16 de maio de 1994

O dezaseis de maio pasado todo o Colexio de Beluso fixo a excursión FIN DE CURSO por niveis, que estiano tiveron un carácter puramente cultural.

### CICLO INICIAL

Beluso - Caldas de Reis: visita fábrica de CLESA.

Caldas de Reis - Vilagarcía de Arousa: visita cidade e comida.

Vilagarcía de Arousa - Illa de A Toxa: percorrido da illa e visitas.

A Toxa - Montalvo: visita e merenda.

Montalvo - Beluso.

### CICLO MEDIO (3º, 4º e 5º)

Beluso - Pontevedra - Ribadumia: visita a dúas granxas avícolas, establo; e dúas adegas de viño ALBARIÑO E TINTO BARRANTES.

Vilagarcía - Catoira: visita Torres de Oeste.

Rianxo - Póboa - Sta. Lucía - Corrubedo: visitas faro, dunas e Dolemn de Axeitos.

Corrubedo - Baroña: visita castro de Baroña.

Baroña - Porto do Son - Noia - Padrón: Visitas a vila e parque.

Padrón - Beluso.

### CICLO SUPERIOR (6º e 7º)

Beluso - Santiago - Lugo: visitas cidade, murallas, Museo, Parque.

Lugo - Sarria - Samos: visita mosteiro de Samos.

Samos - Monforte: visita cidade, Castelo e outras.

Monforte de Lemos - Os Peares: Embalse.

Os Peares - Ourense - Pontevedra - Beluso.

### CICLO SUPERIOR (8º)

Os alumnos de oitavo, por teren xa feitas outras saídas culturais e outras máis que van ter, fixeron unha saída en plan deportivo-cultural MARCHA A PÉ ó Santiago de Hermelo.

Montemogos - Sanamedio - A Portela - Camiño de Moaña - subida polo monte e Cruz de Hermelo.

Partido de fútbol entre as dúas clases, e comida.

Baixada por Meiro e A Portela.

Como o tempo non o pedrmitiu non se fixo a subida ó monte Libreiro. TRABALLO XEOGRÁFICO DO PERCORRIDO:

# EXCURSION DE 8<sup>o</sup>

EXCURSION "FIN DA E.X.B."

ALUMNOS OITAVO

Día 13 de xuño. SAÍDA ás SEIS DA MAÑÁ de Beluso. Dirección Lalín, Monforte, Ponferrada. Almorzo no parque de Ponferrada.

Astorga, visita Palacio Arzobispal. León, visita cidade, Catedral, Casa de los Botines, comida. Burgos, visita Catedral e cidade. Durmida.

Día 14. Almorzo e saída para Zaragoza. Visita cidade. Saída para Lleida. Comida na Autopista. Andorra, visitas e compras.

Día 15. Almorzo en Andorra. Carretera de Barcelona. Visita Monserrat Parque Güel, comida en Barcelona. Visita cidade, Nou Camp, Sagrada Familia, e Zoo.

Saída para Palma de Mallorca en avión. Cena e durmida en Palma de Mallorca.

Día 16. Almorzo no hotel. Visita cidade e Catedral. Comida na cidade, Castelo de Bellvert. Piscina ou playa. Cena no hotel.

Día 17. Almorzo no hotel. Saída para Manacor, visitas fundición vidro, perlas NAJORICA, traballos de olivo. Carretera para Porto Cristo. Comida. Visita Cova do Drach. Playa. Volta a Mallorca. Cena no hotel. Durmida.




Día 18. Almorzo no hotel. Paseo pola cidade. Playa Go Arenal. Comida. Acquapark (voluntario) playa. Volta a Palma. Barco para Barcelona, pola noite.

Día 19. Chegada de mañanxiña a Barcelona. Almorzo. Viaxe para Valencia. Visita a Sagunto. Comida. Visita á Albufera e á cidade de Valencia. Cena e durmida en Valencia.


Día 20. Almorzo no hotel. Saída para Cuenca. Visita cidade e Casas Colgantes. Comida en Cuenca. Visita Cidade Encantada. Saída para Madrid. Cena en Tarancón. Aloxamento en Madrid.

Día 21. Almorzo en Madrid. Visitas ó Palacio Real, Museo do Prado, Palacio de Cristal, Parque do Retiro. Comida. Parque de Atraccións. Cena. Aloxamento no mesmo hotel.


Día 22. Almorzo en Madrid. Saída para El Escorial. Visita El Escorial e El Valle de los Caídos. Comida. Camiño de volta. Probablemente se cene En Forcarey. Chegada a Beluso darredor das DOCE DA NOITE.







MINI - MUSEO DE 5º B



Na clase de 5º B recolleemos durante este curso unha serie de obxectos antigos e logramos facer un "mini-museo".

O total de obxectos expostos estivo ó redor dos 200. Había cousas tan variadas coma radios antigas, zocos, moedas, reloxos, pranchas, libros manuscritos, garlopas, prismáticos, candís, cangas, aparellos para cortar e face-lo chocolate, utensilios varios de zapateiros, etc.





Queremos agradecer a tódolos alumnos de 5º B, a alumnos doutros cursos do Colexio, a pais de alumnos e a Profesores que colaboraron para que esta exposición se levara a cabo durante este curso.

Antes de remata-lo presente curso, devolveranse os obxectos ó seu propietario e agardamos que para o vincheiro curso colaboren traendo de novo obxectos, que se pedirán no momento oportuno, para facer algunha exposición pública no recinto escolar.

¡Gracias a todos pola vosa colaboración!

5º B



# DEPORTES

## ACTIVIDADES DEPORTIVAS CURSO 1993-94

As actividades deportivas que se levaron a cabo ó longo do presente curso escolar foron:

- Fútbol-sala
- Balonmán
- Xadrez
- Cross
- Atletismo
- Tenis de mesa.

### ÍNDICE DE PARTICIPACIÓN

O índice de participación foi superior ó 60 % dos alumnos matriculados neste Colexio para este curso.

### RESULTADOS MÁIS DESTACADOS

Tódolos participantes nestas probas, gracias ó seu esforzo e labor, conseguiron ergue-lo xa alto prestixio deste Colexio a nivel deportivo. Todas e cada unha destas participacións son dignas de eloxio, polo que dende esta sección de deportes a Asociación de Pais de Alumnos quere darlles as máis sinceras gracias pola súa colaboración.

### TENIS DE MESA

Gracias a este deporte o noso colexio ocupa un lugar privilexiado, non xa a nivel interno e local, senón tamén dentro da nosa Comunidade Autónoma de Galicia.

### ACTIVIDADES DEPORTIVAS NIVEL ESCOLAR

Campións do MORRAZO nas categorías: ALEVÍN FEMININO, INFANTIL MASCULINO, e FEMININO, e CADETE FEMININO:

O equipo INFANTIL FEMININO formado por:

- Irene Rey Novas
- Carmen Pstoriza González
- Verónica Gómez Malvido
- Vanesa González Dios

foi CAMPIÓN PROVINCIAL 93-94, campionato celebrado en Poyo o 14.05.94.

Acadou tamén o TERCEIRO POSTO GALEGO no CAMPIONATO GALEGO celebrado en Portomouro, Val do Dubra, os días 27, 28 e 29 de maio deste ano 1994.



COMPETICIÓN FEDERADAS

CATEGORÍA SEGUNDA NACIONAL FEMININA

O equipo formado por:

Guadalupe Magdaleno Álvarez

Lidia Magdaleno Álvarez

Irene Rey Novas

acadou un EXCELENTE TERCEIRO POSTO.

CAMPIONATO INDIVIDUAL PROVINCIAL,

Celebrado no Colexio Santiago Apóstol de Soutomayor o día 18 de decembro de 1993.

Na Categoría INFANTIL FEMININO, foi CAMPIONA PROVINCIAL, Guadalupe Magdaleno Álvarez, e SUBCAMPIONA PROVINCIAL, Irene Rey Novas.

Na Categoría JUVENIL FEMININO, Lidia Magdaleno Álvarez acadou un moi meritorio TERCEIRO POSTO.

TORNEO XUVENIL GALEGO FEMININO

Celebrado o 26 de Febreiro de 1994 en Narón, A Coruña, acadáronse os seguintes postos a nivel de toda Galicia:

Lidia Magdaleno Álvarez, o 10º posto.

Guadalupe Magdaleno Álvarez, o 20º posto.

Irene Rey Novas o 23º posto.

FÚTBOL - SALA

Debido ó alto nivel e rendemento neste deporte, por este Colexio

ROBERTO SANTOS NÚÑEZ

xogador dun equipo da categoría ALEVÍN MASCULINO, foi convocado pola

FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL-SALA.

para facerlle unhas probas e se era o caso participar na SELECCIÓN GALEGA DE FÚTBOL-SALA.

A esta proba só foron chamados a realiza-las probas os mellores xogadores desta Comunidade Autónoma.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ++MECANOGRAFÍA++

Ofrecémoslles o resultado deste curso, na actividade de MECANOGRAFÍA. Algúns alumnos xa veñen participando nesta actividade fai dous ou tres cursos. O resultado final ven ser este:

<u>Curso</u>	<u>Alumno</u>	<u>Velocidade por m.</u>	<u>lección</u>
8º A	Andrea Gómez Malvido	<u>225</u>	
8ºA	Agustín Ríos Ferradás	100	
8ºA	Daniel Canosa Costas	110	
8ºA	Vanesa González Dios	150	
8ºB	Amparo Estévez Cerviño	<u>230</u>	
8ºB	Beatriz Martínez V	100	
8ºB	María García Pérez		27
8ºB	Susana García Ferradás		25
8ºB	Celeste Refojos Seijas	120	
8ºB	Diego Ventosinos Porto	120	
8ºB	Bibiana Vilas Mart.	120	
7ºA	Mónica Fernández A.		27
7ºA	Mayra Domínguez S.		31
7ºA	Vanesa Brión Bello	110	
7ºA	Fátima Davila Santos		23
7ºA	Álvaro García Pérez		24
7ºB	Senén Germade Menduiña	100	
7ºB	Alba Gómez Pena		24
7ºC	Melina Rodríguez López		23
7ºC	Carmela Santos Novas		26
7ºC	Montserrat Torres Otero	100	
6ºA	Alejandra Agulla Porto		12
6ºA	José Barros Meis		11
6ºB	Estela Malvido López		13
6ºB	Sonia Iglesias Regueira		28
6ºC	Sonia Ventosinos Porto		12
6ºC	Roberto Santos Núñez		10

Nota: As prácticas de velocidade comencan na lección 32.



DISQUES, SEICAS E SERÁNS

-¿Será verdade que alguén está agochando a Roldán no Colexio?  
J. Manuel Gómez

-Disque Roldán foi o gañador da Volta Ciclista a España, porque xa leva máis dun mes escapado.  
J.Luis

-Seica ós alumnos de oitavo lles sobra a comida, porque cando teñen control só fan sacar chuletas.  
J.Luis.

-¿Será verdade que neste Colexio se van fabricar "einsteins" para os máis necesitados..Nos exámenes, claro.  
J.Luis.

-Disque algúns nenos non durmen por culpa de tanto control.  
Faustino

-Seica a profe de English etá moi namorada..das faltas de orde.  
Faustino

-¿Será verdade que hai clases nocturnas que o desfán.todo?  
Faustino

-Seica os zapatos de D. Pedro teñen pilas ALCALINAS.  
Andrea e Davinia

-Disque a porteira frega as escaleiras antes de saírmos, por mirar se escorregamos por elas abaixo.  
Cristina.C

-¿Será verdade que os mozos de oitavo son máis meniños cós de Párvulos?  
Vanessa C.-Concepción

-Seica para as nenas o favorito é o Profesor de Ximnasia.  
Daniel Canosa

-Disque os primeiros amores son moi malos de olvidar: non sei se por amor o por que será.  
Pablo.Gar.

-¿Será verdade que nesta vida pasas de todo o te pos a rasca-la barriga?  
Cristina Otero.


-Disque os alumnos de oitavo non están en forma. Que lle pregunten a quen o dixo se quere vir connosco a Hermelo.  
Cristina Otero

-Seica no Colexio se vai montar unha "carnicería" especializada en "chuletas a metade de precio".  
Santiago

ESPERO que na "excursión" non me vaia namorar, porque alguén en Bueu xa me está a esperar.  
Pablo.Gar.


# - PASATEMPOS -

## 1. POÑEDELLES NÚMEROS ÓS DEBUXOS:



- |                   |                  |
|-------------------|------------------|
| 1 armario         | 13 ducha         |
| 2 bañeira         | 14 espello       |
| 3 bidé            | 15 estudio       |
| 4 billa           | 16 fogón         |
| 5 cadro           | 17 lámpada       |
| 6 cama            | 18 lavabo        |
| 7 cocíña          | 19 mesa          |
| 8 comedor         | 20 mesa de noite |
| 9 corredor        | 21 retrete       |
| 10 salón          | 22 sofá          |
| 11 cuarto de baño | 23 tabique       |
| 12 dormitorio     | 24 televisión    |

## 2. ESQUEIRA DE CARACOL



- |                                |                            |
|--------------------------------|----------------------------|
| 1. Aquilo que se herda.        | 4. Mágoa, anguria.         |
| 2. Substancia nutritiva.       | 5. Persoa á que admiramos. |
| 3. Animal mamífero moi grande. | 6. Poñe-lo fío no novelo.  |



## 3. BARULLO DE LETRAS:

Busca no barullo dez palabras con "b", que non debes esquecer, e escríbeas:



.....  
 .....  
 .....

## 5. XEROGLÍFICO:

R:-----



*protagonista do texto*



## 4. PENTACÍRCULO

Completa os círculos e coas letras que pos escribe unha nova palabra con dous "b" no círculo central:

- |                            |                        |
|----------------------------|------------------------|
| 1. Peixe que se salga.     | 4. Arbusto moi galego. |
| 2. Compositor de cantigas. | 5. Ruído de moitos.    |
| 3. Estalar, estoupar.      |                        |





Ilustración de Seoane para o libro «O Vigiario»



Seoane visto por Cándido Fernández Mizas. Debuxo realizado no taller de Luis Placá, en 1933

## GALICIA emigrante



«Galicia emigrante» aventura editorial de 37 números, todos ilustrados por Seoane

## LEYENDAS DEL TUCUMÁN



COLECCIÓN MAR DULCE



Arriba España!!

Debuxo de Seoane sobre a Guerra Civil